

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Compañía en Rego da Cal

◊, ◊, concello de ◊ (Lugo).

»Meu pai, Dios lle perdone, deulle mal e eu taba cabo del, enriba na habitación e estábamos falando. E tivo falando connigo tan tranquilamente como estou eu agora con usted. E tivemos falando así e falando así, e... E a muller quedou aquí na cociña. E veu a Compañía á porta, e sinteuna ela. E fálame da porta e dixo:

Ai ho, morre teu pai.

E naquel momento deu a alma a Dios.

Encheuse o curro de luces, todo eran luces aí.

Encheuse o curro de luces e eu pasei (lavou) os bancos.

E dicíalle seu pai:

Ai, Atilaniño, non me deixes solo; non me deixes solo.

Entonces iba tirar a auga do balde, íbaa tirar por riba da porta... Entonces íbaa tirar e ¡cómame Dios! se non vai e, entonces abrín o poxigo; taba cerrado o poxigo e maila porta e abrín o poxigo e vexo o curro todo de luces, todo de luces. Pero eu aínda non era moi fría; bah, non tiña medo, aínda non tiña medo, teño máis medo hoxe e ¡cómame Dios! se non.... Volvín a cerra-lo poxigo e a porta e entonces xa taba o meu sogro expirando.

E dixo:

¡Expíra teu paiño! ¡Ai, home si, morre teu paiño!».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral de ATILANO RIVAS (96 anos) e ENCARNACIÓN OTERO (94 anos), Rego da Cal, Galgao. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004